EXERCICIOS DE APOIO (SECCIÓN 7ª)

Volve a ler con atención o documento base desta sección e despois realiza os exercicios que veñen a continuación:

1.- Diferenzas entre ética teleolóxica e deontolóxicas.

2.- Diferenzas entre éticas materiais e formais.

3.- Características das éticas antigas fronte ás modernas.

4.- Retos actuais para as teorías éticas.

5.- Explicar os conceptos de ética máxima e mínima.

6.- O Utilitarismo.

7.- Explica a "posición orixinal" de Rawls.

8.- Expón os principios da xustiza, segundo Rawls.

9.- Concepción da racionalidade humana en Habermas.

10.- Ideas clave da ética discursiva.

Respostas:

1.- A teorías éticas teleolóxicas afirman a existencia dun fin (*télos*) natural para a vida humana, e que a felicidade consiste en achegarse a ese fin.
As teorías éticas deontolóxicas céntranse no deber (*deón*), sobre todo cos demais, renunciando a establecer unha teoría universal sobre os fins da natureza humana e a felicidade.

2.- As éticas materiais establecen en concreto qué se debe facer e evitar para acadar o fin último: a felicidade.
As éticas formais limítanse a establecer maneiras e procedementos para actuar con xustiza e imparcialidade (o que importa é a forma ou intención da acción, non o contido das accións).

3.- As teorías éticas antigas e medievais, en xeral, están centradas na idea da felicidade individual, e son teleolóxicas e materiais.
As teorías éticas modernas, pola contra, están máis centradas no ideal da xustiza e tenden a ser deontolóxicas e formais, en xeral.

4.- O principal reto das teorías éticas contemporáneas é o de compatibilizar os ideais da xustiza coas lexítimas aspiracións á felicidade individual. Pero ademais, os procesos de globalización e o multiculturalismo da sociedade actual presentan unha nova problemática complexa.

5.- Denomínase ética máxima a toda teoría ética que se propón como meta ideais globais de vida para a acadar a felicidade persoal. Pero tales teorías éticas non son universalizables, pois caben moi diferentes concepcións e propostas.
Por ética mínima enténdese unha ética que busca mínimos de xustiza compartidos por todos, independentemente das súas concepcións sobre a vida boa e a felicidade.

6.- O Utilitarismo é unha das grandes teorías éticas actuais. Mantén unha posición hedonista (o fin é a felicidade), pero o seu hedonismo é universalista (a maior felicidade para o maior número). Así intenta combinar felicidade e xustiza.

7.- A "posición orixinal" de Rawls é unha situación hipotética dende a que decidir a estrutura básica dunha sociedade xusta: tal situación (imaxinaria) tería que caracterizarse polo "veo da ignorancia", que suporía descoñecer a posición e papel que a cada un lle puidera corresponder ocupar por nacemento na sociedade. Así, a decisión sobre a estrutura xusta da sociedade sería realizada en condicións de imparcialidade.

8.- Rawls pensa que todo o mundo, nunha situación de imparcialidade, aceptaría 2 principios básicos de xustiza:

- principio de igualdade: igualdade básica para todos en canto a liberdades e bens primarios.
- principio da diferenza: diferenzas no acceso a cargos e recursos só con 2 condicións:
  - igualdade de oportunidades para todos, e
  - que as diferenzas redundaran no beneficio dos más desfavorecidos.

9.- A liberdade e autonomía do individuo só se fai posible e se desenvolve na interacción e comunicación racional cos outros individuos, pois a racionalidade humana é intersubxectiva.

10.- Buscar o consenso racional, sometendo a un diálogo argumentativo, aberto e sincero os diferentes intereses particulares (lexítimos) para harmonizalos e compatibilizalos tendo en conta a todos os posibles afectados.